

(Xerencia)

---

Edificio Exeria Tel. 986 130 232 / 231

Campus universitario

36310 Vigo (España)

consulta.ucpi@uvigo.gal

---

## **RESOLUCIÓN DO 29 DE AGOSTO DE 2024, DA UNIVERSIDADE DE VIGO, POLA QUE SE CONVOCA POR TRAMITACIÓN DE URXENCIA CONCURSO PÚBLICO DE MÉRITOS 18/24 PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR E DE APOIO Á INVESTIGACIÓN.**

Unha das funcións prioritarias da Universidade de Vigo é a da investigación, a transferencia e a innovación. Para mellorar a actividade investigadora, a Universidade de Vigo precisa a incorporación de persoal especificamente contratado para esas tarefas, ben sexa nos grupos de investigación, ben sexa noutras estruturas relacionadas, como centros de investigación ou institutos de investigación.

Como consecuencia dos cambios lexislativos realizados a través do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e do Real Decreto-lei 8/2022, do 5 de abril, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito da contratación laboral do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, a Universidade aprobou na sesión extraordinaria do Consello de Goberno do 9 de xuño de 2022, a Normativa de contratación do persoal investigador da Universidade de Vigo, co obxectivo de adecuar as modalidades contractuais previstas na lei e as normas que as desenvolven ás necesidades e peculiaridades desta universidade, definindo as categorías profesionais, o réxime retributivo e os dereitos e deberes deste persoal, garantindo ademais a homoxeneidade destes contratos no ámbito universitario.

Tal como establece o artigo 4 da devandita Normativa, a selección do persoal a contratar realizarase mediante concursos públicos coas necesarias garantías de publicidade e transparencia, e que se resolverán respectando os principios de igualdade, mérito e capacidade. Para o anterior, consonte ao artigo 6 da Normativa, impulsaranse convocatorias co obxectivo de cubrir programas, proxectos, accións ou actividades que requirian a contratación de persoal laboral mediante financiamento externo obtido a través da participación en convocatorias públicas ou privadas, subscrpción de convenios, concesión de subvencións, entre outras.

En virtude do exposto, esta reitoría, en uso das competencias que lle confire a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e os Estatutos da Universidade de Vigo aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro (DOG do 22 de febreiro), acorda convocar un concurso público de méritos polo procedemento de urxencia para contratar persoal que colabore nas actividades de investigación que figuran no anexo II desta Resolución Reitoral, de acordo coas seguintes

## **BASES**

### **1. NORMAS XERAIS**

Este concurso réxese polo disposto na normativa de contratación do persoal investigador da Universidade de Vigo, aprobado por Acordo do Consello de Goberno do 9 de xuño de 2022 e modificada en xullo e outubro de 2022 e xuño de 2023; nos Estatutos da Universidade Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro (DOG nº 38, do 22 de febreiro de 2019); na Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril; na Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto de Traballadores na redacción dada polo Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo e o resto de normas que as desenvolven, e, supletoriamente, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Régime Xurídico do Sector Público.

### **2. OBXECTO**

O obxecto da presente convocatoria é a selección de persoal investigador e de apoio á investigación, coas características especificadas no anexo II, para o desenvolvemento das actividades de investigación que contén con financiamento na Universidade de Vigo, dentro da normativa legal vixente.

O sistema de selección será o de concurso a través da valoración dos méritos especificados no anexo II desta convocatoria.

Este concurso resloverase pola tramitación de urxencia, reducindo os prazos á metade, agás a presentación de solicitudes, tal como se indica no punto 2 da disposición adicional terceira da normativa de contratación de persoal investigador e de apoio á investigación e logo da aprobación da súa publicación mediante este procedemento pola de Investigación, na súa reunión do 4 de setembro de 2023.

### 3. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

1. Para seren admitidas as persoas aspirantes, ademais de cumplir, de ser o caso, os requisitos específicos que figuran nos anexos II desta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes e mantelos ata a formalización do contrato, os seguintes requisitos:
  - a) Ter a nacionalidade española ou calquera outra á que as normas do Estado atribúan iguais dereitos a efectos laborais na Administración Pública.
  - b) Dispor da titulación indicada e cumplir o resto de requisitos publicados coa convocatoria da oferta de contrato.
  - c) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
  - d) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desenvolvemento das correspondentes funcións ou tarefas.
  - e) Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos e cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, na que fora separado ou inhabilitado.
2. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitada ou en situación equivalente nin ter sido sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
3. Non se esixen requisitos específicos no referente á nacionalidade ou residencia das persoas aspirantes para a participación nos concursos. Non obstante, a contratación de persoas investigadoras estranxeiras de países non comunitarios, condiciónase á obtención dos permisos esixidos na normativa sobre estranxeiría, polo que as datas de inicio dos contratos que se establezan nas convocatorias poderían retrasarse en función dos prazos para a obtención dos devanditos permisos.
4. As persoas aspirantes non deberán estar incursas en ningunha das causas de incompatibilidade previstas na lexislación vixente sobre incompatibilidades para contratar coa Administración Pública.

## 4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

A presentación de solicitudes realizarase únicamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>), entrando en procedementos e trámites/PAS/PDI e premendo no enlace UCPI 1824-Concurso de méritos para a contratación de persoal investigador e deberán indicar no asunto **UNICAMENTE A REFERENCIA DA OFERTA**.

De xeito excepcional para este procedemento, únicamente as persoas estranxeiras extracomunitarias poderán usar medios de identificación electrónicos alternativos, para o cal deben iniciar o procedemento enviando un correo electrónico a [estranxeiros@uvigo.gal](mailto:estranxeiros@uvigo.gal)

O prazo de presentación comezará ao día seguinte da publicación desta convocatoria no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>) e rematará ás 23:59 horas do 5 de setembro de 2024.

Xunto coa solicitude deberán subir os seguintes documentos:

- Currículum vítae.
- Declaración responsable (anexo I) de cumprimento dos requisitos establecidos nas bases da presente convocatoria e da veracidade dos datos achegados no currículum vítae.

## 5. ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES

Recibidas as solicitudes na Unidade de contratación de persoal investigador (UCPI), serán revisadas conforme ao establecido nas bases da convocatoria, procedendo á publicación no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml> da lista provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso.

As persoas aspirantes excluídas ou que non figuren na relación de persoas admitidas, disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da devandita resolución, para poder emendar os defectos ou acompañar os documentos que motivaron a súa exclusión, a través do procedemento *SXER – Alegacións*. A alegación farase únicamente a través da sede electrónica da Universidade de Vigo.

As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a ser incluídas na relación de persoas admitidas, serán definitivamente excluídas. A

listaxe definitiva publicarase no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo  
<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non implicará recoñecer ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos, de xeito que a constatación de que non os posúen producirá o seu decaemento de todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.

## 6. COMISIÓN DE SELECCIÓN

Constituirase unha comisión para valorar os méritos das persoas candidatas, cuxa composición se publicará no anexo II en cada oferta de contrato de traballo.

A devandita comisión estará constituída pola persoa que figure como investigadora principal solicitante, que a presidirá, e dúas persoas expertas no ámbito do traballo a realizar, cunha titulación igual ou superior á requirida para a praza convocada, actuando unha delas como secretario/a.

Todas as persoas membros da comisión serán preferiblemente persoal da Universidade de Vigo e estarán suxeitas ao cumprimento da lexislación vixente sobre abstención e recusación recollidos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Régime Xurídico do Sector Público. No caso de que se dea esta situación, publicarase unha resolución de nomeamento dos novos membros no taboleiro electrónico indicado na base 5.

## 7. PROCESO SELECTIVO. RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN

A selección das persoas candidatas farase salvagardando os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade pola correspondente comisión de selección, tendo en conta as solicitudes e currículos presentados así como os criterios de valoración publicados.

A comisión de selección terá un prazo máximo de 4 días hábiles desde a publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos para realizar a proposta de adxudicación, que recollerá a orde de prelación das persoas aspirantes consideradas aptas xunto coa puntuación acadada. A unidade responsable da provisión de postos do persoal investigador publicará a resolución provisional de adxudicación, nun prazo máximo de 4 días hábiles, contra a que se poderá reclamar no prazo de 2 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación.

A comisión de selección poderá declarar nulo o concurso cando os méritos dos candidatos non se axusten ao perfil da praza.

Unha vez resoltas as reclamacións polas comisións de selección, a UCPI publicará a resolución definitiva de adxudicación no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo.

A relación ordenada de persoas declaradas aptas na proposta de provisión que non resulten adxudicatarias do contrato constituirá unha lista de agarda para asegurar a cobertura do contrato, e tamén poderá ser utilizada para a provisión doutras necesidades de persoal que poidan xurdir na mesma liña de investigación. A xestión destas listas de agarda rexerase polo procedemento que a Universidade de Vigo estableza, con carácter xeral, para as listas de agarda de PDI.

A resolución de adxudicación do contrato, será asinada pola vicerreitora con competencias en materia de investigación, por delegación do reitor, e indicará o prazo para que a persoa seleccionada formalice o contrato.

## 8. RECURSOS

Contra esta convocatoria, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## 9. NORMA DERRADEIRA

Os actos administrativos que se deriven da presente resolución e das actuacións das comisións de selección poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma establecidos na Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Polo feito de participar no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes sométense ás bases desta convocatoria e ao seu desenvolvemento, así como ás decisións que adopten as comisións de selección, sen prexuízo das reclamacións pertinentes. As

comisións de selección están facultadas para resolver as dúbihdas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a correcta orde do concurso de méritos, en todo o non previsto nas bases.

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da administración actuante ou elaborados polas administracións actuantes, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- NIF, NIE ou pasaporte da persoa solicitante.
- Títulos oficiais universitarios.
- Títulos oficiais non universitarios.

No caso de que as persoas solicitantes se opoñan á consulta, deberán indicalo na solicitude e achegar a documentación.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos devanditos datos, poderase solicitar ás persoas solicitantes a presentación da documentación correspondente.

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados na solicitude serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a tramitación deste procedemento selectivo e amparados pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades e os estatutos da Universidade de Vigo.

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria. Non obstante, e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, a persoa afectada comunicará esta circunstancia coa maior celeridade á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo (986 813419 e [igualdade@uvigo.es](mailto:igualdade@uvigo.es)).

Estes datos trataránse durante o tempo imprescindible para cumplir coa citada finalidade e se conservarán durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

## ANEXO I - DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DE REQUISITOS

### CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO DE MÉRITOS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR E DE APOIO Á INVESTIGACIÓN

DATOS DA PERSOA INTERESADA		
NOME E APELIDOS		
NIF/NIE/PASAPORTE	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO
<p>Conforme ao artigo 69.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a persoa abaixo asinante DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE que cumpre cos seguintes requisitos de admisión indicados na base 3 e 4 da convocatoria, na data de remate do prazo de presentación de solicitudes e que os manterá durante todo o proceso selectivo:</p> <p>a) A veracidade dos datos achegados no currículum vítae.</p> <p>b) Ter a nacionalidade española ou calquera outra á que as normas do Estado atribúan iguais dereitos a efectos laborais na Administración Pública.</p> <p>c) Dispor da titulación indicada e cumplir o resto de requisitos publicados coa convocatoria da oferta de contrato.</p> <p>d) Ter cumplidos os dezaseis anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.</p> <p>e) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desenvolvemento das correspondente funcións ou tarefas.</p> <p>f) Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos e cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, na que fora separado ou inhabilitado.</p> <p>g) Non estar incursa en ningunha das causas de incompatibilidade previstas na lexislación vixente sobre incompatibilidades para contratar coa Administración Pública.</p>		

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura da persoa interesada

**REFERENCIA DA OFERTA****0623-136807****GALEGO – 1****DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN**

Denominación do proxecto ou actividad	Contrato indefinido vinculado á liña de investigación
Investigador principal	María Magdalena Cid Fernández
Liña de investigación	<b>Sistemas axialmente quirales como sensores</b>
Referencia	
Departamento	C12 Química orgánica
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

**CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS**

Tipo de contrato	Contrato de actividades científico-técnicas (art 23bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Síntese de sistemas hidrosolubles (a)cíclicos con quiralidade axial. Complexos host-guest
Funcións a realizar	Preparación de oligómeros cíclicos ou acíclicos de motivos alénicos conectados por unidades heterocíclicas. Estudio das capacidades complexantes dos sistemas preparados fronte a sales de amonio de interese bioloxico e disacáridos.
Retribución bruta mensual	2.150,00 € (incluido o prorratoe das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	A partir da resolución desta convocatoria. Na data que se establezca na mesma
Xornada laboral	Tempo completo (37,5 h/semana)
Categoría laboral	Investigador modalidade A (Doutor)
Centro de traballo	FACULTADE DE QUÍMICA DE VIGO
Duración do contrato	indefinida

**REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS**

TITULACIÓN REQUIRIDA	Doutoramento en Química
----------------------	-------------------------

**MÉRITOS A VALORAR\*\*\***

ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Experiencia en síntese orgánica asimétrica. Publicacións científicas (impacto e nivel de responsabilidade)	50
Item nº2	Dominio de idiomas: inglés escrito e falado	10
Item nº3	Coñecementos de técnicas de determinación estructural. Análises de equilibrios químicos	25
Item nº4	Entrevista persoal (realizarase só aos tres candidatos con maior puntuación nos outros epígrafes)	15
Item nº5		

**COMISIÓN DE SELECCIÓN**

Presidente/a	María Magdalena Cid Fernández
Secretario/a	Olalla Nieto Faza
Vocal	Luis Muñoz López
(suplente)	Carlos Silva López

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

\*\*\*Se un dos ítems é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.

**REFERENCIA DA OFERTA****0623-136441****GALEGO – 2****DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN**

Denominación do proxecto ou actividad	Integración de Soluciones Basadas en la Naturaleza en la Restauración de Ecosistemas Portuarios.
Investigador principal	Jesús López Pérez
Liña de investigación	<b>Ecoloxía Costeira e Biodiversidade</b>
Referencia	NaturPorts
Departamento	C04 Ecoloxía e bioloxía animal
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

**CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS**

Tipo de contrato	Contratos para a realización de proxectos e para a execución de plans (art 32bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Técnico superior de apoio á investigación
Funcións a realizar	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Xestión administrativa e seguimento do proxecto</li> <li>- Redacción de informes de contido científico-técnico</li> <li>- Control de seguimento de gastos</li> <li>-Difusión de resultados e xestión das redes sociais do proxecto</li> <li>-Traballo de campo e asistencia na toma de mostras biomiméticas relacionadas co proxecto</li> <li>-Xestión de diferentes bases de datos e análise de resultados"</li> </ul>
Retribución bruta mensual	2.485,00 € (incluido o prorratoe das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	A partir da resolución desta convocatoria. Na data que se establezca na mesma
Xornada laboral	Tempo completo (37,5 h/semana)
Categoría laboral	Técnico Superior de apoio á investigación modalidade B (Titulación Universitaria Superior)
Centro de traballo	FACULTADE DE CIENCIAS DEL MAR DE VIGO
Duración do contrato	indefinida

**REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS**

TITULACIÓN REQUIRIDA	Titulado superior: Máster en Biología Mariña
----------------------	--

**MÉRITOS A VALORAR\*\*\***

ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Formación específica relacionada co posto. Curso de mergullo Open Water Diver e Licenza de Navegación. Idiomas: inglés nivel C1 e galego CELGA 4. Valorarase carné de conducir B e coche propio	40
Item nº2	Anos de experiencia xustificada no perfil do posto. Experiencia como técnico de investigación de campo e/ou laboratorio en ciencias mariñas (mínimo 2 anos) e en xestión en ecoloxía costeira mariña (mínimo 3 años). Cursos relacionados coa liña de investigación, coa xestión e coa difusión de resultados. Publicacións científicas e difusión de resultados en congresos relacionados co sector.	45
Item nº3	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente aos 3 candidatos/as que na suma dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	15
Item nº4		
Item nº5		

**COMISIÓN DE SELECCIÓN**

Presidente/a	Jesús López Pérez
Secretario/a	Mariano Lastra valdor
Vocal	Jesús Souza Troncoso
(suplente)	Celia Olabarria Uzquiano

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

\*\*\*Se un dos ítems é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obténan un mínimo de 50 puntos.

**REFERENCIA DA OFERTA****0623-137914****GALEGO – 3****DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN**

Denominación do proxecto ou actividade	Servizos de xestión, apoio e impulso á I+D+i do Campus Auga
Investigador principal	Francisco Javier Rodríguez Rajo
Liña de investigación	<b>Servizos científico-técnicos Campus Auga - Xestión e comunicación</b>
Referencia	Convenio Xunta
Departamento	C02 Bioloxía vexetal e ciencias do solo
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

**CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS**

Tipo de contrato	Contratos para a realización de proxectos e para a execución de plans (art 32bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Xestor técnico de I+D+i campus de Especialización - Campus Auqa
Funcións a realizar	"Apoio a tódolos grupos de investigación do Campus Auga en materia de I+D+i Dinamización da innovación e transferencia de I+D+i do Campus Auga Análise bibliométrico da producción científica do Campus Auga. Elaboración e seguimento de indicadores de proxectos de investigación Xestión de pedidos relacionados cos grupos do Campus Auga Apoio a elaboración de documentación e memorias de actividades. Organización e participación en foros, eventos, feiras, visitas a empresas, etc. Organización de actividades formativas Interlocución con empresas, proveedores, administración, etc. Asistencia a xuntanzas e realización de actas e informes de seguimiento Asesoramento a membros dos grupos de investigación do Campus Auga para a súa participación en proxectos, contratos e na solicitude de axudas Apoio á comunicación loxística e á difusión das actividades do Campus Auga Calquera outra actividade relacionada coa I+D+i do Campus Auga"
Retribución bruta mensual	2.400,00 € (incluído o prorrato das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	A partir da resolución desta convocatoria. Na data que se estableza na mesma
Xornada laboral	Tempo completo (37,5 h/semana)
Categoría laboral	Técnico Superior de apoyo á investigación modalidade C
Centro de traballo	Campus da auga - Ourense
Duración do contrato	indefinida

**REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS**

TITULACIÓN REQUIRIDA	Graduado/a ou equivalente.
----------------------	----------------------------

**MÉRITOS A VALORAR\*\*\***

ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Títulos universitarios oficiais (licenciatura/enxeñaría/grao/posgrado/doutoramento)	20
Item nº2	Experiencia profesional acreditada nas tarefas indicadas no perfil técnico	45
Item nº3	Cursos de formación ou especialización relacionados coas tarefas indicadas no perfil técnico	10
Item nº4	Coñecementos de idiomas: Nivel de inglés mínimo: B2, Marco Común Europeo de Referencia (válido tamén o anexo CERTIFICACIONES PARA ACREDITAR LOS CONOCIMIENTOS DE IDIOMAS publicado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional no ano 2021)	10
Item nº5	Entrevista persoal. A entrevista realizarase únicamente ós/as 3 candidatos/as que na suma dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	15

**COMISIÓN DE SELECCIÓN**

Presidente/a	Francisco Javier Rodríguez Rajo
Secretario/a	Beatriz Cancho Grande
Vocal	David Fernández Calviño
(suplente)	Mónica Siota Álvarez

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

\*\*\*Se un dos ítems é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.

<b>REFERENCIA DA OFERTA</b>	<b>0623-137915</b>	<b>GALEGO – 4</b>
-----------------------------	--------------------	-------------------

<b>DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN</b>	
Denominación do proxecto ou actividade	Servizos de xestión, apoio e impulso á I+D+i do Campus Auga
Investigador principal	Francisco Javier Rodríguez Rajo
Liña de investigación	<b>Servizos científico-técnicos Campus Auga - Xestión e comunicación</b>
Referencia	Convenio Xunta de Galicia
Departamento	C02 Bioloxía vexetal e ciencias do solo
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

<b>CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS</b>	
Tipo de contrato	Contratos para a realización de proxectos e para a execución de plans (art 32bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Coordinación de infraestructuras e laboratorios do campus de Especialización - Campus Auga
Funcións a realizar	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Coordinación de equipo de Técnicos de laboratorio do Campus Auga</li> <li>-Manexo e prestación de servizo das infraestruturas do IAA (<a href="https://iaa.uvigo.gal/gl/servizos/infraestruturas/">https://iaa.uvigo.gal/gl/servizos/infraestruturas/</a>) e as propias do Campus Auga.</li> <li>-Xestión do uso das infraestruturas</li> <li>-Preparación metadatos e informes de resultados</li> <li>-Apoyo á investigación realizada nos laboratorios situados no edificio do Campus Auga.</li> <li>-Elaboración de documentación e memorias de actividades sobre o uso das infraestruturas do IAA e Campus Auga.</li> <li>-Organización de actividades formativas para o equipo de Técnicos de laboratorio do Campus Auga"</li> </ul>
Retribución bruta mensual	2.400,00 € (incluido o prorratoe das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	A partir da resolución desta convocatoria. Na data que se estableza na mesma
Xornada laboral	Tempo completo (37,5 h/semana)
Categoría laboral	Técnico Superior de apoio á investigación modalidade C
Centro de traballo	Campus da auga - Ourense
Duración do contrato	indefinida

<b>REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS</b>	
TITULACIÓN REQUIRIDA	Graduado en Ciencias Ambientais, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Enxeñaría Agraria ou similares aliñadas coas liñas de especialización do Campus Auga.

<b>MÉRITOS A VALORAR***</b>		
<b>ITEM</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>PUNTOS</b>
Item nº1	Formación nas liñas de especialización do Campus Auga	20
Item nº2	Cursos de formación ou especialización relacionados coas tarefas indicadas no perfil técnico	10
Item nº3	Experiencia profesional acreditada nas tarefas indicadas no perfil técnico	45
Item nº4	Experiencia en proxectos e Publicacións relacionadas coas liñas de especialización do Campus Auga.	15
Item nº5	Entrevista persoal. A entrevista realizarase ós/as 3 candidatos/as que na suma dos méritos acadan un mínimo de 50 puntos	10

<b>COMISIÓN DE SELECCIÓN</b>	
Presidente/a	Francisco Javier Rodríguez Rajo
Secretario/a	Beatrix Cancho Grande
Vocal	David Fernández Calviño
(suplente)	Mónica Siota Álvarez

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

\*\*\*Se un dos ítems é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obténfan un mínimo de 50 puntos.

## REFERENCIA DA OFERTA

0623-137917

GALEGO – 5

## DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN

Denominación do proxecto ou actividad	Servizos de xestión, apoio e impulso á I+D+i do Campus Auga
Investigador principal	Francisco Javier Rodríguez Rajo
Liña de investigación	<b>Servizos científico-técnicos Campus Auga - Xestión e comunicación</b>
Referencia	Convenio Xunta de Galicia
Departamento	C02 Bioloxía vexetal e ciencias do solo
Partida orzamentaria	Segundo addendas ao contrato

## CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

Tipo de contrato	Contratos para a realización de proxectos e para a execución de plans (art 32bis Lei da Ciencia). Duración indefinida
Número de prazas	2
Traballo a realizar	Técnico de laboratorio para manexo de infraestruturas e apoio a laboratorios do campus de Especialización - Campus Auga
Funcións a realizar	<p>"-Manexo e prestación de servizo das infraestruturas do Instituto de Agroecoloxía e Alimentación (IAA) (<a href="https://iaa.uvigo.gal/gl/servizos/infraestruturas/">https://iaa.uvigo.gal/gl/servizos/infraestruturas/</a>) e as propias do Campus Auga.</p> <p>-Preparación de informes de resultados</p> <p>-Apoyo á investigación realizada nos laboratorios situados no edificio do Campus Auga.</p> <p>-Apoyo á Elaboración de borradores documentación e memorias de actividades sobre o uso das infraestruturas do IAA e Campus auga."</p>
Retribución bruta mensual	1.410,00 € (incluido o prorratoe das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	A partir da resolución desta convocatoria. Na data que se estableza na mesma
Xornada laboral	Tempo completo (37,5 h/semana)
Categoría laboral	Técnico Especialista de apoio á investigación modalidade D (Bacharelato, FP2)
Centro de traballo	Campus da auga - Ourense
Duración do contrato	indefinida

## REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

TITULACIÓN REQUIRIDA	Ciclo Formativo de Grado Superior en Saúde Ambiental ou similares aliñados coas liñas de especialización do Campus Auga.
----------------------	--

## MÉRITOS A VALORAR\*\*\*

ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Formación nas liñas de especialización do Campus Auga.	25
Item nº2	Cursos de formación ou especialización relacionados coas tarefas indicadas no perfil técnico.	15
Item nº3	Experiencia profesional acreditada nas tarefas indicadas no perfil técnico.	40
Item nº4	Outros méritos relacionadas coas liñas de especialización do Campus Auga.	10
Item nº5	Entrevista persoal . A entrevista realizarase únicamente ás/ós 4 candidatos/as que na suma dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	10

## COMISIÓN DE SELECCIÓN

Presidente/a	Francisco Javier Rodríguez Rajo
Secretario/a	Beatrix Cancho Grande
Vocal	David Fernández Calviño
(suplente)	Mónica Siota Álvarez

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

\*\*\*Se un dos ítems é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.

## REFERENCIA DA OFERTA

0623-137919

GALEGO – 6

## DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN

Denominación do proxecto ou actividade	Servizos de xestión, apoio e impulso á I+D+i do Campus Auga
Investigador principal	Francisco Javier Rodríguez Rajo
Liña de investigación	
Referencia	Convenio Xunta de Galicia
Departamento	C02 Bioloxía vexetal e ciencias do solo
Partida orzamentaria	AUGA131H6450211

## CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

Tipo de contrato	Contrato de acceso de persoal investigador Doutor (art 22 Lei da Ciencia). Título Doutor/a
Número de prazas	2
Traballo a realizar	Investigación vinculada con algunha das tres liñas de especialización do Campus Auga (Alimentación Funcional, Agricultura e Medio ambiente, Xestión da Auga Termal)
Funcións a realizar	"Investigación nalguna das liñas de especialización do Campus Auga. É obligatorio presentar un plan de traballo de 4000 palabras máximo expoñendo o traballo a realizar durante a duración do contrato. De maneira obligatoria a persoa beneficiaria deste contrato terá que realizar estadías internacionais en Universidades ou centros de investigación estranxeiros cunha duración total de mínimo 12 meses e máximo 24. Para realizar este traballo o beneficiario terá que estar adscrito, na data de inicio do contrato, a un grupo de investigación pertencente ao Campus Auga. O traballo será realizado obligatoriamente no Campus de Ourense (agás estadías). Información sobre as liñas de especialización do Campus Auga nas seguintes ligazóns: <a href="https://campusauga.uvigo.es/es/o-campus/plan-estratexico/">https://campusauga.uvigo.es/es/o-campus/plan-estratexico/</a> <a href="https://campusauga.uvigo.es/es/areas-de-especializacion/">https://campusauga.uvigo.es/es/areas-de-especializacion/</a> "
Retribución bruta mensual	2.083,33 € (incluído o prorrato das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	A partir da resolución desta convocatoria. Na data que se estableza na mesma
Xornada laboral	Tempo completo (37.5 h/semana)
Categoría laboral	Investigador modalidade A (Doutor)
Centro de trabajo	Campus da auga - Ourense
Duración do contrato	36 meses

## REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

TITULACIÓN REQUIRIDA	Doutoramento vinculado coas liñas de especialización e/ou áreas transversais de soporte do Campus de especialización - Campus Auga.
----------------------	---

## MÉRITOS A VALORAR\*\*\*

ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Publicacións de carácter científico relacionadas coas liñas de especialización e/ou áreas de soporte do Campus Auga.	35
Item nº2	Plan de traballo proposto das actividades a realizar durante a vixencia do contrato.	30
Item nº3	Participación en proxectos, contratos de investigación e patentes relacionadas coas liñas de especialización e/ou áreas de soporte do Campus Auga.	20
Item nº4	Outros méritos académico-científicos (estadías nacionais, internacionais, relatorios a congresos..)	15
Item nº5		

## COMISIÓN DE SELECCIÓN

Presidente/a	Francisco Javier Rodríguez Rajo
Secretario/a	Beatriz Cancho Grande
Vogal	David Fernández Calviño
(suplente)	Mónica Siota Álvarez

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

\*\*\*Se un dos ítems é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.

**REFERENCIA DA OFERTA**
**0623-136467**
**GALEGO – 7**

### DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN

Denominación do proxecto ou actividad	Cambios en la Estructura de la Estratosfera de la Tierra
Investigador principal	Juan Antonio Añel Cabanelas
Líña de investigación	
Referencia	PID2021-124991OB-I00
Departamento	T08 Física aplicada
Partida orzamentaria	I255131H6460211

### CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

Tipo de contrato	Contrato de duración determinada por circunstancias da producción (máximo 6 meses)
Número de prazas	1
Traballo a realizar	Estudo Cambios da Estructura na Estratosfera da Terra
Funcións a realizar	"Investigación; presentación de resultados en congresos; publicación de artigos científicos."
Retribución bruta mensual	2.500,00 € (incluido o prorratoe das pagas extraordinarias)
Data de inicio prevista	A partir da resolución desta convocatoria. Na data que se estableza na mesma
Xornada laboral	Tempo completo (37.5 h/semana)
Categoría laboral	Investigador modalidade A (Doutor)
Centro de traballo	Campus da auga - Ourense
Duración do contrato	5 meses

### REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

TITULACIÓN REQUIRIDAS	Doutorado en Física, Meteoroloxía ou Ciencias Atmosféricas
-----------------------	--

### MÉRITOS A VALORAR\*\*\*

ITEM	CONCEPTO	PUNTOS
Item nº1	Meritos xerais: obrigatorio: experiencia e publicacións científicas sobre o estudo de emisións de azufre e recuperación de datos meteorolóxicos e instrumentais; experiencia no estudio do impacto do clima e meteoroloxía na radiación solar	30
Item nº2	Méritos específicos (a valorar): producción científica en ciencias atmosféricas, experiencia no estudo da estratosfera, participación e liderazgo en redes internacionais de investigación na área da titulación e convocatoria; experiencia como IP de proxectos de investigación; experiencia na recuperación de series históricas de datos meteorológicos	55
Item nº3	A entrevista realizarase unicamente a/aos 3 candidatos/as que na suma dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	15
Item nº4		
Item nº5		

### COMISIÓN DE SELECCIÓN

Presidente/a	Juan Antonio Añel Cabanelas
Secretario/a	Laura de la Torre Ramos
Vocal	Luis Gimeno Presa
(suplente)	Raquel Olalla Nieto Muñiz

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato

\*\*\*Se un dos ítems é *Entrevista*, so se realizará as persoas que na suma dos méritos obteñan un mínimo de 50 puntos.

**REFERENCIA DA OFERTA**
**0623-136730**
**GALEGO – 8**
**DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTO DE INVESTIGACIÓN**

Denominación do proxecto ou actividade	Ayuda adicional para ejecución de actividades de investigación
Investigador principal	Sandra Rivas Siota
Liña de investigación	
Referencia	RYC2021-031964-I
Departamento	T04 Enxeñaría química
Partida orzamentaria	K343131HMRR6440211

**CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS**

Tipo de contrato	Contrato de duración determinada por circunstancias da producción (máximo 6 meses)
Número de prazas	1
